


SEN TÍTULO 4X8X6


(Técnica mixta sobre escenario)

FICHAS DE TRABALLO NA AULA PARA ALUMNOS DE PRIMARIA

- ✿ Na obra aparecen diferentes personaxes, algún como o artista podémolo recoñecer porque utiliza pinturas, cadernos, un piano... pero hai outros moitos personaxes que van saíndo da súa man e da súa imaxinación e, polo tanto, non sabemos como se chaman. ¿porque non pos un nome a algún deles?



- ❁ Da man do artista saen liñas xestos, e trazos que crean formas e á súa vez estas formas van tendo vida propia. Unhas veces, saen do papel pero outras son obxectos que se van xuntando. ¿que clase de obxectos recoñeciches?



- ❁ Os personaxes realizados con obxectos teñen vida propia, incluso ritmo e sons acompañan os seus movementos. Pensa sobre a relación do artista cos seus personaxes ¿de onde xurde? ¿sabe el que existen? ¿Son realidade, son soños... que cres?





- ✿ En varios momentos da obra aparece un reloxo que é moi diferente aos que temos na casa. Os reloxos marcan o tempo nas nosas vidas, sen embargo, o que aparecen na obra é diferente, semella ser brando: qué clase de tempo pode marcar. Imaxina que o tempo das nosas vidas fose distinto; minutos que pasan e que se repiten, minutos que non acaban de pasar. Pensa nas situacións nas que che gusta que o tempo pase máis rápido e aquelas nas que non queres que pase. Deseña un reloxo para o tempo que pasa lento e outro para o que pasa máis apresa.



- ❖ Os artistas miran o mundo no que vivimos e logo tentan amosárnolo a través das súas obras. Ás veces podemos recoñecelo facilmente pero outras veces require un esforzo maior, fai que nos preguntemos cousas para que as obras poidan falarnos, para poder dialogar con elas. Os artistas buscan xeitos de contar que nos sorprendan e que nos fagan pensar sobre as cousas que pasan na vida. ¿De que cousas cres que se fala na obra que viches?



- ❖ ¿Que é un artista? De seguro que coñeces a un artista, quizais un amigo, un familiar ou mesmo nos medios de comunicación oíches falar deles pero ¿que é para ti un artista?

✿ Todas as persoas tentamos expresarnos. A forma de expresión pode ser diferente en cada caso ou segundo nos guste máis facelo dun xeito ou doutro. Necesitamos expresar os nosos sentimentos e emocións, algo que tamén fan os artistas. Propoñémosche que exprees sobre papel os seguintes sentimentos e ideas:

- Cariño
- Movemento
- Tristura
- Quietude
- Alegría
- Distancia
- Sufrimento
- Paz
- Paixón
- Amizade
- Soidade
- Stress

✿ Quizais o artista desta obra esqueceu dalgún personaxe ou quizais ti queres incorporar algún: ¿Apetéceche propoñer algún novo?

